

VºBº:



CURSOS DA AULA DE FORMACIÓN PERMANENTE EN DEFENSA PERSOAL 2024

Có fin de promocionar a actividade da Defensa Persoal tanto no ámbito do propio adestramento, para a actualización e para poder obter o Cinto Negro 1º Dan desta disciplina, entre os deportistas que xa teñan o grao en Defensa Persoal, propónse o desenvolvemento duns cursos de formación permanente, da acordo coa normativa e o programa oficial de Defensa Persoal da RFEJEDA e posterior proba de nivel e exames de Cinto Negro.

▪ PARTICIPANTES

Poderán participar todos os deportistas afiliados á Real Federación Española de Judo e D.A., que teñan a súa licenza en vigor en Judo ou calquera dos deportes asociados, con grao desde BRANCO a MARRÓN.

Os federados que xa teñan o grao de DEFENSA PERSOAL, coa acumulación de horas, e proba (a criterio do mestre responsable da A.F.P.) serviralles para a obtención do seguinte grao de DEFENSA PERSOAL.

▪ MESTRE

Os cursos serán impartidos por:

- Manuel Montero Vidal, Mestre Adestrador Nacional de Judo, Jiu Jitsu e Defensa Persoal.
- Marcos Bermúdez Román, Mestre Adestrador Nacional de Judo e Defensa Persoal, reciclado e actualizado na materia.

▪ INDUMENTARIA E MATERIAL

Judogi, camiseta para o traballo de algunhas técnicas, pau, coitelo e pistolas simulados.

▪ INSCRICIÓN E COTA

Os interesados deberán preinscribirse no formulario seguinte:

<https://forms.gle/YZiwYTC8UYEGXmWCA>

A cota de participación para cada curso é de 20€ (importe media xornada), que deberán ingresar na conta da Federación Galega de Judo e D.A.:

LA CAIXA ES33-2100-4831-9822-0000-8802

Deberase enviar resguardo de pago a galicajudo@fgjudo.com para completar o proceso definitivo de inscrición en cada unha das datas.

O prazo máximo para inscrición finalizará para cada xornada o xoves anterior ás 12h, data e hora despois das cais non se admitirán novas solicitudes para dita xornada.

▪ DOCUMENTACIÓN

Os inscritos deberán presentar ORIXINAL firmado e con data de celebración do curso: FOLLA DE CONSENTIMENTO EXPRESO (só maiores de idade) ou AUTORIZACIÓN PATERNA (só menores de idade), acompañados do DNI orixinal (maiores de 14 anos).

PARA GRAO E LICENZA DE DEF. PERSOAL			
DAN	PERMANENCIA EN GRAO ANTERIOR	HORAS AFP A REALIZAR	LICENZAS
PARA 1º DAN	1 ANO DE MARRÓN	18	3 CONSECUTIVAS OU 5 ALTERNAS
PARA 2º DAN	2 ANOS DE 1ºDAN	24	2 DE 1ºDAN
PARA 3º DAN	3 ANOS DE 2ºDAN	30	3 DE 2ºDAN
+ PROBA DE NIVEL			

É preciso ter a licenza de Defensa Persoal en vigor para as tramitacións; admítese a participación tendo licenza en Judo e calquera dos deportes asociados a esta federación.

Para 1ºDAN é obrigatorio ter 15 anos cumpridos.

▪ CALENDARIO E LUGARES DE REALIZACIÓN DOS CURSOS

- Ximnasio Karbo, R/ San Vicente, 14 (esquina con Ramón Cabanillas) 15008 – A Coruña
- Ximnasio Marbel, R/ Cardeal Quevedo, 2 – Ourense (sempre que conte con **14 INSCRITOS** para a correspondente xornada; en caso contrario manterase no Ximnasio Karbo).

MES	DÍA	HORARIO	SEDE
XANEIRO	SÁBADO 13	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio KARBO
FEBREIRO	SÁBADO 24	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio MARBEL
MARZO	SÁBADO 09	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio KARBO
ABRIL	SÁBADO 20	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio MARBEL
MAIO	SÁBADO 11	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio KARBO
XUÑO	SÁBADO 8	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio MARBEL
SETEMBRO	SÁBADO 14	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio KARBO
OUTUBRO	SÁBADO 05	10:00 h. – 14.00 h..	Ximnasio MARBEL
NOVEMBRO	SÁBADO 16	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio KARBO
DECEMBRO	SÁBADO 14	10:00 h. – 14.00 h.	Ximnasio MARBEL


Cando se faga algunha xornada dobre, o horario será tamén das 16:00 h. ata as 20:00 h. Isto comunicárase con antelación para o seu coñecemento.

Os lugares de celebración dos cursos serán, no Ximnasio Karbo e Ximnasio Marbel, aínda que se ofrece a posibilidade realizalo en outros centros e para elo, os clubs que estean interesados, deberán solicitalo con **15 días de antelación** para poder comunicalo con tempo suficiente. Para isto, deberán enviar un correo informando da data escollida, das que se propoñen no calendario, e tamén a xente que estaría interesada en realizar ditos cursos (mínimo 14).

Dos contidos dos cursos, informárase previamente á data da súa realización. En principio, impartírase formación de Defensa Persoal Operativa e de Muller.

Así mesmo, realizaranse outros cursos, dos cais se informará con antelación, e que irán enfocados á Defensa Persoal Operativa para realizar as horas precisas para obter os niveis da especialidade.

O Director do Departamento



Asdo. Manuel Montero Vidal